

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 15 DE XUÑO DE 2022.

(Versión anonimizada (Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais))

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D.^a María Guadalupe Pombo Carril
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.^a Marta María Figueroa Fuentes
D. Carlos Liñares Gestal
D.^a Marta María Iglesias Becerra
D. Abraham Seijas González
D.^a Jéssica Méndez Sánchez

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.^a Sonia Corral Corral

SECRETARIA XERAL:

D.^a Ana Ramos Ramos

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e corenta minutos do día quince de xuño do ano dous mil vinte e dous, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D.^a María Guadalupe Pombo Carril, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.^a Marta María Figueroa Fuentes, D. Carlos Liñares Gestal, D.^a Marta María Iglesias Becerra, D. Abraham Seijas González e D.^a Jéssica Méndez Sánchez.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D.^a Sonia Corral Corral.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Ana Ramos Ramos.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA EN DATA 6 DE XUÑO DE 2022.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004), a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 6 de xuño de 2022, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 6 de xuño de 2022.

2.- PROPOSTA RELATIVA Á APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E DAS BASES ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO “TÉCNICA/O ADMINISTRACIÓN XERAL”.

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local a proposta do xefe do gabinete técnico conformada pola concelleira delegada de Seguridade Cidadá e Persoal en data 3 de maio de 2022 (código de documento UPO16I00DO), relativa á aprobación da convocatoria e das bases específicas da convocatoria do proceso selectivo “Técnica/o administración xeral”, que transcrita di:

“PROPOSTA-Convocatoria e bases da convocatoria do proceso selectivo “ Técnica/o administración xeral (Acceso libre)”

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 23 de decembro de 2019, aprobou a Oferta de Emprego Público deste concello para o ano 2019 (BOP número 246 do 27 de decembro de 2019). En dita oferta figura, entre outras, unha praza de “Técnica/o administración xeral”.

Código do documento	Código do expediente
USG16I026F	USG/2022/98
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 185G 3H2S 3H4N 4S6R 15FC	

A presente convocatoria rexerese polas Bases xerais para a selección de persoal funcionario de carreira e persoal laboral fixo aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión do 20 de marzo de 2017 e publicadas no Boletín oficial da provincia número 65 do 5 de abril de 2017, e polas seguintes Bases específicas da convocatoria elaboradas con adecuación á normativa vixente.

Por resolución do alcalde-presidente do día 18 de xuño de 2019 acordouse a delegación na Xunta de Goberno Local da atribución para a aprobación das bases das probas para a selección do persoal.

De acordo co exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, a aprobación da convocatoria e das bases específicas da convocatoria do proceso selectivo "Técnica/o administración xeral", de acordo co seguinte detalle:

CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE TÉCNICA/O DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA TÉCNICA, PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA, POLO PROCEDIMENTO DE OPOSICIÓN DO CONCELLO DE CULLEREDO

CONVOCATORIA

A praza obxecto desta convocatoria está incluída na Oferta de emprego público para o ano 2019 aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 23 de decembro de 2019 (BOP núm. 246 do 27 de decembro de 2019), de acordo co seguinte detalle:

C.I.F. P-1503100-H

Praza	Grupo/Categoría	Total
1. Funcionarios propios		
1.1. Escala: administración xeral – subescala técnica		
Acceso libre		
Técnica/o administración xeral	A1	1

A presente convocatoria rexerese polas seguintes bases específicas e, polas *Bases xerais para a selección de funcionarios de carreira e persoal laboral fixo aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión do 20 de marzo de 2017* e publicadas no BOP núm. 65 do 05 de abril de 2017.

As principais funcións con carácter enunciativo e non limitativo, serán:

- Elaborar informes, estudos, memorias e estatísticas sobre temas do servizo.
- Propoñer políticas e actuacións.
- Asesoramento técnico. Elaborar propostas para tomas de decisión.
- Instruír expedientes non asignados a outro persoal do servizo.
- Colaborar co persoal do servizo na realización de traballos de especial dificultade ou urxencia.
- Execución e seguimento de decisións adoptadas.

BASES ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA

1. NORMAS XERAIS

1.1. É obxecto das presentes bases específicas, a regulación da convocatoria e do proceso selectivo a través do procedemento de oposición libre, para cobertura en propiedade dunha praza de técnica/o de administración xeral

Código do documento	Código do expediente
USG16I026F	USG/2022/98
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
185G 3H2S 3H4N 4S6R 15FC	

(persoal funcionario de carreira), correspondente ao grupo A1 que figura vacante no cadro de persoal funcionario do Concello de Culleredo e ten sido obxecto de inclusión na Oferta de emprego público para o ano 2019 aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 23 de decembro de 2019 (BOP núm. 246 do 27 de decembro de 2019).

1.2. As presentes bases específicas rexerán, xunto coas *Bases xerais para a selección de funcionarios de carreira e persoal laboral fixo* aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión do 20 de marzo de 2017 e publicadas no BOP número 65 do 5 de abril de 2017, a selección para cubrir a seguinte praza vacante de funcionario de carreira:

- Relación servizo: funcionario de carreira
- Escala: administración xeral
- Subescala: técnica
- Grupo titulación: A1
- Número de prazas: 1

1.3. Desta convocatoria derivarase tamén, e segundo o previsto na base dez, a creación dunha bolsa de emprego que terá por obxecto habilitar unha listaxe de aspirantes á que se acudirá, nos supostos legais procedente e con arranxo ás modalidades de emprego (funcionariais/laborais) correspondentes, para futuras e xustificadas incorporacións de persoal temporal con equivalente condición profesional á do seleccionado nesta convocatoria e proceso selectivo.

C.I.F. P-1503100-H

2. REQUISITOS DOS CANDIDATOS

Para ser admitidas ao proceso selectivo, as persoas aspirantes deberán posuír no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes de participación, e manter durante todo o proceso selectivo ata o momento da toma de posesión como funcionario de carreira os seguintes requisitos:

1. Nacionalidade: ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Real decreto 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público.

2. Capacidade: posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas para o desenvolvemento das funcións que se deriven do posto por desenvolver.

As persoas con discapacidade compatible coas tarefas e funcións correspondentes á praza convocada poderán concorrer en igualdade de condicións que o resto das/dos aspirantes, coas adecuacións no seu caso necesarias para o desenvolvemento do proceso selectivo; aplicándose, a tal efecto, o establecido na Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño, publicada no BOE do 13 de xuño de 2006, polo que se establecen os criterios para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade. Para estes efectos, os tribunais poderán requirir informe ou colaboración doutros órganos administrativos ou da administración sanitaria.

3. Idade: ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non haber acadado a idade máxima de xubilación forzosa.

4. Habilitación: non ter sido separado, nin despedido do servizo de calquera Administración pública, de órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas mediante expediente disciplinario, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desenvolvemento de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario da que fora separada ou inhabilitada.

No suposto de nacional de outro Estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin haber sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia, o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

Código do documento	Código do expediente
USG16I026F	USG/2022/98
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
185G 3H2S 3H4N 4S6R 15FC	

5. Titulación: estar en posesión, ou en condicións de obtelo o día que remate o prazo de presentación de instancias do título de grao universitario, licenciatura universitaria ou equivalente.

Aos efectos desta convocatoria, o termo de equivalente entenderase referido exclusivamente ás titulacións que, a consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, viñeron a substituír ás titulacións extinguidas.

As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, si é o caso, a homologación do título. Este requisito non será de aplicación aos/ás aspirantes que obtiveran o recoñecemento da súa cualificación profesional no ámbito das profesións reguladas ao amparo das disposicións de dereito comunitario.

3. INSTANCIAS E PRAZOS DE PRESENTACIÓN

3.1. As instancias solicitando tomar parte no proceso selectivo dirixiranse á Alcaldía-Presidencia. Presentaranse no rexistro xeral do Concello no modelo debidamente cumprimentado, ou na sede electrónica ou poderán presentarse en calquera das formas determinadas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo de presentación de instancias será de 20 días naturais contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE), toda vez se teñan publicadas as presentes bases reguladoras no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de A Coruña e anuncio de convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG).

Complementariamente, as bases publicaranse na web municipal aos meros efectos informativos, sen que tal publicidade sirva para determinación algunha de prazos de presentación de instancias.

Para ser admitido/a e, no seu caso, tomar parte nas probas selectivas correspondentes, os /as aspirantes deberán manifestar nas súas solicitudes de participación que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas, referidas sempre ao día de expiración do prazo de presentación.

Á instancia, acompañarase inescusablemente, da seguinte documentación:

- Documento Nacional de Identidade (no seu defecto, resguardo do DNI, pasaporte ou carné de conducir).
- Copia do título (ou certificado acreditativo equivalente) acreditativo/xustificativo de estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias, do título requirido para participar na convocatoria e proceso selectivo, segundo o sinalado na base 2.5 desta convocatoria.
- Copia do título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega CELGA IV ou o título equivalente debidamente homologado de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro).

Os/as aspirantes que non o acrediten deberán superar unha proba de coñecemento de lingua galega.

- Xustificante de ingreso das taxas por dereitos de exame. En ningún caso a presentación e pago da taxa por dereitos de exame suporá substitución do trámite de presentación de instancia.

A ausencia do pago das taxas por dereitos de exame por parte do/da aspirante dentro do prazo de presentación de instancias, non poderá ser obxecto de subsanación, determinando a exclusión do/a aspirante.

3.2. As persoas coa condición legal de discapacidade deberán facelo constar na solicitude, indicando se precisan adaptacións para realizar as probas.

Os/as aspirantes que teñan a condición legal de discapacitados, con grao igual ou superior ao 33 por cento, terán que presentar certificación dos órganos competentes que acrediten tal condición, xunto con acreditación da compatibilidade co desenvolvemento das tarefas e funcións correspondentes.

3.3. Pagamento taxa dereitos exame. O importe a pagar de acordo co número 2.1.6 das Bases xerais para a selección de funcionarios de carreira e persoal laboral fixo, será 118,45 € (Ordenanza fiscal número 13).

As contas bancarias para efectuar o pagamento serán as seguintes:

Código do documento	Código do expediente
USG16I026F	USG/2022/98
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
185G 3H2S 3H4N 4S6R 15FC	

ABANCA IBAN: ES79 2080 0065 3731 1000 0020

BBVA IBAN: ES60 0182 6244 4002 0015 0284

CAIXABANK IBAN: ES26 2100 3868 0702 0000 3793

4. ADMISIÓN DE ASPIRANTES

4.1. Lista provisional. Expirado o prazo de presentación de instancias o alcalde-presidente ou concelleiro/ delegado/a ditará, no prazo dun mes, resolución pola que se declarará aprobada a lista provisional dos/das aspirantes admitidos/as e excluídos/as, con indicación das causas de exclusión, de ser o caso. Indicarase así mesmo, os/as candidatos/as que quedan eximidos da realización do exame de galego. Esta resolución publicarase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello (www.culleredo.es)

4.2. Prazo de reclamacións. Os/as aspirantes non admitidos/as disporán dun prazo de dez días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación da lista provisional de admitidos/as e excluídos/as no Boletín Oficial da Provincia, co fin de emendar o defecto que motivara a súa non admisión.

4.3. Lista definitiva. Unha vez que remate o prazo de reclamacións, o alcalde-presidente ou concelleiro/a delegado/a ditará resolución na que se aprobará a lista definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as. Na mesma resolución establecerase o lugar, data e hora de celebración do primeiro exercicio. Esta resolución publicarase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello (www.culleredo.es).

4.4. Comezado o proceso selectivo, a publicación dos sucesivos anuncios para a celebración de probas restantes, así como a listaxe dos/as aspirantes aprobados/as en cada exercicio, efectuarase no taboleiro de edictos da Casa do Concello e web municipal.

5. TRIBUNAL CUALIFICADOR

5.1. Na resolución de aprobación da listaxe definitiva, determinarase nominativamente a composición do tribunal cualificador, con titulares e suplentes, para xeral coñecemento, aos efectos dos supostos de abstención/recusación dos membros designados.

5.2. O tribunal cualificador nomearase de conformidade co artigo 55.1.c) e d) e artigo 60 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público, así como garantindo a competencia técnica, nivel de titulación e paridade na súa composición, de conformidade ao establecido na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, e estará composto por un/unha presidente/a, un/unha secretario/ae tres vogais, todos eles funcionarios/as de carreira, grupo A1, do Concello de Culleredo ou doutra administración local (titular e suplente).

O tribunal poderá dispor da incorporación de asesores especialistas cando as circunstancias así o aconsellen, os que actuarán con voz e sen voto.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Así mesmo, os/as interesados poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 da citada norma.

5.3. O tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a asistencia, cando menos, de tres dos seus membros, sendo preceptiva a asistencia do/da presidente/a e do/da secretario/a, titular ou suplente.

5.4. O tribunal queda autorizado para resolver cantas dúbidas e propostas poidan presentarse e para adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto nas presentes bases e normativa aplicable. O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao disposto na Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público.

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG16I026F	USG/2022/98
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
185G 3H2S 3H4N 4S6R 15FC	

5.5. Os acordos adoptados polo tribunal cualificador serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Os membros do tribunal terán dereito a asistencias pola súa participación nas sesións do tribunal de acordo co disposto no Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, ou norma que a substitúa.

6. DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO

O proceso selectivo consistirá dunha única fase: oposición.

6.1. Desenvolvemento da fase de oposición

a) Os/as aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único. Ao comezo de cada exercicio os/as aspirantes serán chamados por orde alfabético de apelidos e nome, en dúas ocasións e serán excluídos/as do proceso selectivo quen non compareza, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciadas discrecionalmente polo tribunal.

b) A orde de actuación dos/das opositores/as naqueles exercicios ou probas que non poidan realizarse conxuntamente, iniciarase alfabeticamente por aqueles cuxo primeiro apelido coincida coa letra que resulte do sorteo anual que no ámbito da Administración Xeral do Estado, efectúa a Secretaría de Estado para a administración pública.

c) Unha vez comezado o proceso selectivo, os anuncios de celebración dos exercicios faranse públicos no taboleiro de edictos da Casa do Concello, e complementariamente, na web municipal cunha antelación que posibilite que dende a total conclusión dun exercicio ou proba ata o comezo do seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de 48 horas.

d) En calquera momento do proceso selectivo os órganos competentes de selección poderán requirir aos opositores/as para que acrediten a súa identidade. Non obstante, os exercicios da fase de oposición realizaranse con código de anonimato.

e) Se en calquera momento do proceso selectivo chegara a coñecemento do tribunal que algún/algunha dos/das aspirantes non cumpre tódolos requisitos esixidos pola presente convocatoria, previa audiencia ao/á interesado/a, deberá propoñer a súa exclusión ao Sr. alcalde-presidente, indicando as inexactitudes ou falsidades formuladas polo/a aspirante na solicitude de admisión a estas probas selectivas, aos efectos procedentes.

f) Concluído cada un dos exercicios da oposición, o tribunal fará pública, no taboleiro de edictos da Casa do Concello e na web municipal, a relación de aspirantes que acadaran o mínimo establecido para superalo con indicación da puntuación (no caso de exercicios non eliminatorios), podendo publicarse nome e apelidos parciais ou DNI parcial ou código de anonimato dos/as aspirantes presentados/as.

g) O tribunal adoptará as medidas necesarias para garantir que os exercicios que teñan que ser corrixidos directamente polo tribunal sexan corrixidos sen que se coñeza a identidade dos/as aspirantes. O tribunal excluírá a aqueles/as candidatos/as en cuxos exercicios figuren marcas ou signos que permitan coñecer a identidade do/a opositor/a.

A tal efecto, unha vez efectuada a corrección dos exercicios indicados, procederase por parte do tribunal á apertura dos sobres pechados que permitan asociar a cada aspirante co seu código identificativo.

h) Os exercicios que se celebren por escrito poderán ser lidos publicamente, se así o acorda o tribunal cualificador.

Como norma xeral, establecerase un prazo de tres días hábiles, contados dende a data de publicidade das cualificacións dos distintos exercicios, para solicitar revisión de exames realizados ou para presentar reclamacións sobre cualificacións outorgadas polo tribunal. Todo isto sen prexuízo do establecido legalmente na base final sobre impugnacións das actuacións do tribunal e sen que isto implique paralización ou suspensión do proceso selectivo, agás que o tribunal así o considere para maior seguridade xurídica do procedemento.

Código do documento	Código do expediente
USG16I026F	USG/2022/98
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
185G 3H2S 3H4N 4S6R 15FC	

Con carácter xeral en todos os exercicios da fase de oposición teranse en conta as normas de dereito positivo relacionadas no temario que estea en vigor no momento de publicación da relación definitiva de aspirantes admitidos/as.

Coa finalidade de respectar os principios de publicidade, transparencia, obxectividade e seguridade xurídica que deben rexer o acceso ao emprego público, o tribunal deberá cualificar os exercicios dos/as aspirantes de acordo cos criterios de corrección e os baremos de puntuación establecidos nesta convocatoria e, nos supostos de desenvolver os mesmos, deberá acreditar o coñecemento destes por parte dos/as aspirantes con carácter previo á realización dos exercicios.

6.2. Exercicios da fase de oposición:

A oposición constará de catro exercicios, todos eles obrigatorios e eliminatorios, de modo que no poderán pasar ao seguinte exercicio os/as aspirantes que non acaden a cualificación mínima establecida para cada un deles.

Os aspirantes deberán acudir provistos do DNI ou, no seu defecto, pasaporte ou carné de conducir.

- Primeiro exercicio (obrigatorio e eliminatorio):

Consistirá en contestar, por escrito un cuestionario tipo test de 100 preguntas, máis 10 de reserva, con catro respostas alternativas das que só unha será a correcta sobre o contido do bloque I e do bloque II do temario contido no anexo I destas bases. O tempo máximo para realizar este exercicio será de 120 minutos. Cada resposta correcta sumará 0,2 puntos. Cada resposta incorrecta restará 0,05 puntos. A puntuación máxima desta fase será de 20 puntos. O aspirante que non acaden 10 puntos será eliminado do proceso selectivo.

- Segundo exercicio (obrigatorio e eliminatorio):

Consistirá en contestar por escrito, nun tempo máximo de tres horas, tres temas, un do bloque I e dous do bloque II que figuran no Anexo I desta convocatoria. Os temas serán sacados ao chou, dous do bloque I e tres do bloque II, elixindo o aspirante un e dous respectivamente.

Posteriormente, as persoas aspirantes poderán ser convocadas polo tribunal para proceder á súa lectura pública, que levará a cabo o propio aspirante, podendo requirírselle polo tribunal aclaracións explicativas ao respecto da exposición escrita.

A puntuación máxima a acadar na realización deste exercicio será de 10 puntos, sendo necesario acadar 5 puntos para superalo.

- Terceiro exercicio (obrigatorio e eliminatorio):

Consistirá no desenvolvemento, nun período máximo de tres horas, dun suposto práctico que formulará o Tribunal inmediatamente antes do seu comezo e estará baseado nas materias recollidas no temario e sobre as funcións a desenvolver no posto de traballo. O tribunal valorará neste exercicio a formación xeral, os coñecementos específicos sobre a materia, a claridade e a orde das ideas, a facilidade da exposición escrita, a achega persoal do/a aspirante e a súa capacidade de síntese.

Posteriormente, as persoas aspirantes poderán ser convocadas polo tribunal para proceder á súa lectura pública, que levará a cabo o propio aspirante, podendo requirírselle polo tribunal aclaracións explicativas ao respecto da exposición escrita.

Para a realización deste exercicio os aspirantes poderán facer uso dos textos legais (exclusivamente en formato papel)

A puntuación máxima a acadar na realización deste exercicio será de 10 puntos, sendo necesario acadar 5 puntos para superalo.

- Cuarto exercicio (obrigatorio e eliminatorio).

Código do documento	Código do expediente
USG16I026F	USG/2022/98
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
185G 3H2S 3H4N 4S6R 15FC	

Consistirá na tradución de dous textos, un do galego ao castelán e outro do castelán ao galego nun tempo máximo de 30 minutos. Non se permitirá preparación previa nin apoio documental ou bibliográfico.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondéndolle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de apto. Estarán exentos da realización do cuarto exercicio os aspirantes que acrediten posuír no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes o CELGA IV ou curso de perfeccionamento de galego.

7. CUALIFICACIÓN FINAL E PROPOSTA NOMEAMENTO

A puntuación final das probas selectivas, aos efectos de ordenacións dos/das opositores/as na relación de aprobados virá determinada pola suma total das cualificacións obtidas en cada un dos exercicios obrigatorios da fase de oposición, sendo necesario obter a cualificación de apto no exercicio de galego. O tribunal non poderá declarar que supera o proceso selectivo un número superior de aspirantes que o número de prazas convocadas (unha) pero non obstante, elaborárase unha listaxe de prelación de aspirantes ordenada segundo as cualificacións finais do proceso selectivo para supostos de renuncia, baixa voluntaria e/ou cobertura temporal de vacantes exclusivamente da categoría da praza convocada. No suposto de que non aprobe ningún/ningunha aspirante o tribunal poderá propoñer declarar deserta a praza convocada e a convocatoria.

En caso de empate nas cualificacións finais, a orde establecerase atendendo á maior puntuación obtida no terceiro exercicio de oposición. De persistir o empate prevalecerá o/a aspirante coa maior puntuación no segundo exercicio. Se aínda así persistise o empate prevalecerá o/a aspirante coa maior puntuación no primeiro exercicio. Se isto non fora suficiente, o empate resolverase pola orde alfabética a que se refire a base 6.1 desta convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

A publicación da listaxe ordenada de aspirantes segundo cualificacións finais será exposta no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na web municipal. No prazo de 3 días hábiles seguintes á publicación, poderanse presentar reclamacións ou alegacións ás mesmas. Rematado o prazo de exposición referido, o tribunal cualificador resolverá as reclamacións/alegacións presentadas elevando a proposta de cualificacións finais e de proposta de nomeamento do/da aspirante que acade a primeira posición, ao alcalde-presidente ou concelleiro/a delegado/a. Esta proposta será elevada a definitiva por resolución por resolución do alcalde-presidente ou concelleiro/a delegado/a e publicárase no Boletín Oficial da Provincia.

8. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

8.1. No prazo de vinte días naturais contados desde o día seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia da relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo, as persoas incluídas na mesma deberán presentar no Concello de Culleredo a documentación requirida na base 9.1 das *Bases xerais para a selección de persoal funcionario de carreira e de persoal laboral fixo* (BOP núm. 65 do 5 de abril de 2017)

8.2. Quen, no seu caso, tivese a condición de empregado/a público neste concello, estará exento de xustificar documentalmente os requisitos xa demostrados para obter o seu anterior nomeamento.

8.3. Os/as aspirantes que dentro do prazo sinalado, agás nos casos de forza maior, non presentasen a documentación esixida ou da mesma se deducise que carece dalgún dos requisitos, non poderán ser nomeados, sen prexuízo da responsabilidade en que puidese incorrer por falsidade dimanante da solicitude. Nos casos nos que non se proceda á efectiva realización do nomeamento sen que exista causa xustificada, entenderase que o/a aspirante renuncia, decaendo en todos os seus dereitos. Neste suposto, formularase nova proposta de nomeamento a favor do/a seguinte candidato/a segundo a orde de prelación de puntuacións totais do proceso selectivo.

9. NOMEAMENTO DE FUNCIONARIO/A DE CARREIRA. TOMA DE POSESIÓN E ASIGNACIÓN INICIAL DE POSTOS

9.1. O/a aspirante que tivera superado o proceso selectivo coa maior puntuación e acreditado o cumprimento dos requisitos esixidos, serán nomeados persoal funcionario de carreira mediante resolución do alcalde-presidente ou concelleiro/a delegado/a que se publicará no Boletín Oficial da Provincia.

Código do documento	Código do expediente
USG16I026F	USG/2022/98
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
185G 3H2S 3H4N 4S6R 15FC	

9.2. A toma de posesión efectuarase no prazo dun mes, a partir da publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia.

10. CREACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO

Crearase unha bolsa de emprego formada pola lista de aspirantes que superen as probas da fase de oposición, ordenados de maior a menor puntuación, incluíndose no primeiro posto aquel que obtivera a maior puntuación tras o nomeado/a funcionario/a.

É condición inescusable para a pertenza á devandita bolsa o mantemento durante a vixencia desta dos requisitos relacionados na base 2ª das presentes bases.

Os que formen parte da mesma poderán ser chamados (sempre respectando a orde da lista), para cando se dean calquera das circunstancias que recolle o artigo 10.1 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do estatuto básico do empregado público.

Nese caso elaborárase o correspondente expediente no que se acreditará o cumprimento dos supostos expostos no parágrafo anterior así como a existencia de crédito orzamentario, procedéndose ao chamamento sucesivo dos aspirantes por orde de lista, debendo os interesados manifestar o seu interese por escrito no prazo máximo improrrogable de dous días hábiles (ata as 14:00 horas) dende a notificación da oferta por parte do Concello de Culleredo, transcorrido o cal entenderase que renuncio e pasarase ao chamamento do seguinte da lista.

Os chamamentos realizaranse mediante anuncio da oferta no taboleiro electrónico de anuncios do Concello de Culleredo e por vía telefónica, realizándose un máximo de tres chamadas entre as 09:00 e as 15:00 horas, mediando entre elas un mínimo de dúas horas, do que deberá quedar constancia no expediente mediante dilixencia emitida polo/a funcionario/a que realice os chamamentos. Simultaneamente á chamada telefónica enviarase un correo electrónico ao/á candidato do que quedará constancia no expediente.

O/a candidato/a que acepte a oferta deberá presentar no prazo de tres días hábiles dende o día seguinte ao da aceptación da oferta a seguinte documentación:

- Documento nacional de identidade ou acreditación dos requisitos de nacionalidade e idade.
- Título académico esixido nesta convocatoria ou no seu defecto, o xustificante de ter aboado os dereitos para a súa expedición.
- Documento médico acreditativo de non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das correspondentes funcións. (De non conseguir no prazo indicado o documento médico, o/a aspirante deberá presentar no prazo indicado xustificante da cita médica, e posteriormente o citado documento médico acreditativo).
- Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No suposto de ser nacional doutro Estado, deberá acreditar non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no seu Estado, o acceso ó emprego público.

- Declaración baixo a súa responsabilidade de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa toma de posesión.

Os aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade deberán presentar certificado dos órganos competentes no que se acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado acreditativo da compatibilidade do desenvolvemento das tarefas e funcións correspondentes.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base e agás nos casos de forza maior, ou cando do exame da mesma se deduza que carece dalgún dos requisitos sinalados na base 2ª, suporá que o

9 de 27

Código do documento	Código do expediente
USG16I026F	USG/2022/98
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
185G 3H2S 3H4N 4S6R 15FC	

aspirante non poderá ser nomeado/a funcionario/a interino/a e quedarán anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que houberan incorrido por falsidade na solicitude de participación. Neste caso ofertaráselle a praza ao aspirante que tivera quedado na seguinte posición e procederase a requirírselle a documentación necesario, concedéndoselle idéntico prazo para que proceda a presentala.

Cada un dos aspirantes incluídos na lista fose chamada para ocupar un posto, ao rematar o período de prestación de servizos recuperará o seu lugar inicial no mesma de xeito que poida ser chamado novamente para outra interinidade.

A renuncia ou a non presentación da aceptación da oferta e da documentación esixida en prazo implicará que o aspirante pasará ao último lugar da lista.

Os integrantes da bolsa poderán en calquera momento comunicar a renuncia definitiva á integración nesta, mediante solicitude por escrito que terá que ir dirixida ao alcalde-presidente da Corporación.

A duración desta bolsa de emprego terá unha validez de tres anos contados dende a publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia, ou, no seu defecto, ata que todos os interesados que figuren nela non manifesten interese nunha oferta de traballo concreto ou presente a súa renuncia.

No caso de que existiran varias vacantes simultáneas que deban ser cubertas coa presente bolsa de emprego a orde de provisión se realizará polo orde da lista, de tal xeito que ao primeiro clasificado se lle dará a escoller entre as diferentes prazas vacantes para que este elixa a que desexe cubrir e así sucesivamente pola orde que ocupasen os aspirantes na bolsa de emprego ata cubrir a totalidade das vacantes.

C.I.F. P-1503100-H

11. NORMA FINAL, LEXISLACIÓN APLICABLE E RÉXIME RECURSOS

Contra o acordo de aprobación das presentes bases xerais, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a alcaldía-presidencia, no prazo dun mes desde a súa publicación; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso administrativo da Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde a súa publicación.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición. Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

O tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presentaren e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo canto non estea previsto nestas bases.

Estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos deriven das mesmas, así como as actuacións do tribunal, poderán ser impugnadas polas persoas interesadas nos casos e na forma establecida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

ANEXO I – TEMARIO

Bloque I

Tema 1. A Constitución española de 1978: Estructura e principios xerais. Título preliminar. O Tribunal Constitucional. A reforma da Constitución.

Tema 2. Dereitos e liberdades establecidos na Constitución española. Especial referencia aos dereitos fundamentais e ás liberdades públicas. A súa garantía e suspensión.

Código do documento	Código do expediente
USG16I026F	USG/2022/98
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
185G 3H2S 3H4N 4S6R 15FC	

Tema 3. A organización territorial do Estado na Constitución. Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía de Galicia: Título preliminar. Do poder galego. Das competencias de Galicia. Da Administración Pública Galega.

Tema 4. O sistema de distribución de competencias entre o Estado e as Comunidades Autónomas. As relacións entre o Estado e as Comunidades Autónomas. Xurisprudencia constitucional. O marco competencial das Entidades Locais.

Tema 5. A Coroa.

Tema 6. As Cortes Xerais. O Defensor do Pobo e o Tribunal de Contas.

Tema 7. O Goberno e a Administración na Constitución Española. Das relacións entre o Goberno e as Cortes Xerais.

Tema 8. Do poder xudicial. Regulación constitucional da xusticia. O Consello Xeral do Poder Xudicial: designación, organización e funcións. A organización da Administración de xustiza en España: ordes xurisdiccionais, clases de órganos xurisdiccionais e as súas funcións. Conflitos de xurisdición e competencia.

Tema 9. Sometemento da Administración pública á lei e ao dereito. Fontes de dereito público. A lei: concepto e caracteres. As leis estatais. Leis orgánicas e ordinarias. Normas con rango de lei. Os tratados internacionais como norma de dereito interno. Outras fontes de dereito administrativo.

Tema 10. O regulamento: concepto, fundamento e clases. A potestade regulamentaria das entidades locais: regulamentos e ordenanzas. Procedemento de elaboración. O regulamento orgánico. Os bandos.

Tema 11. A Unión Europea: orixe e evolución. Organización institucional da Unión Europea: composición, funcionamento e competencias. O Comité das Rexións. O Congreso de Poderes Locais e Rexionais de Europa.

Tema 12. O dereito da Unión Europea: principios informadores. Fontes: tratados e dereito derivado. As directivas e os regulamentos comunitarios. As decisións, recomendacións e ditames. Posición dos tratados internacionais e do dereito da Unión da Unión Europea no sistema de fontes: principios de efectos directo, primacía e subsidiaridade.

Tema 13. Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno: Principios reitores da lei. Transparencia da actividade pública.

Tema 14. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas: Dos interesados nun procedemento. Identificación e sinatura dos interesados no procedemento administrativo. Dereitos das persoas nas súas relacións coas administracións públicas. Dereito e obrigação de relacionarse electrónicamente coas administracións públicas.

Tema 15. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas: Normas xerais de actuación: Lingua dos procedementos. Rexistros. Termos e prazos.

Tema 16. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas: Terminación do procedemento. A obriga de resolver. Contido da resolución expresa: principios de congruencia e de non agravación da situación inicial. A terminación convencional. A falta de resolución expresa: o silencio administrativo. O desestímulo, a renuncia e a caducidade.

Tema 17. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas: dos actos administrativos, requisitos e eficacia. A nulidade e anulabilidade.

Tema 18. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas: Das disposicións sobre o procedemento administrativo común. As fases do procedemento administrativo común.

Tema 19. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas: Da revisión dos actos en vía administrativa. Procedementos substitutivos dos recursos administrativos: conciliación, mediación e arbitraje.

Código do documento	Código do expediente
USG16I026F	USG/2022/98
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
185G 3H2S 3H4N 4S6R 15FC	

Tema 20. A xurisdición contencioso-administrativa. Natureza, extensión e límites. Órganos da xurisdición e as súas competencias. As partes: lexitimación. O obxecto do recurso contencioso administrativo. Causas de inadmisibilidade.

Tema 21. O procedemento en primeira ou única instancia. Medidas cautelares. A sentenza: recursos contra sentenzas. A execución da sentenza. Procedementos especiais.

Tema 22. A postestade sancionadora: concepto e significado. Principios do exercicio da potestade sancionadora. Especialidades do procedemento en materia sancionadora. Medidas sancionadoras administrativas. Especial referencia á postestade sancionadora local.

Tema 23. O exercicio da potestade normativa. Os principios de boa regulación. A planificación e avaliación normativa. A participación dos cidadás. A memoria de análise de impacto normativo.

Tema 24. A expropiación forzosa. Suxeitos, obxecto e causa. O procedemento xeral. Garantías xurisdicionais. A reversión expropiadora. Tramitación de urxencia. Referencia ás singularidades procedimentais.

Tema 25. Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público: Principios xerais de actuación do sector público. Órganos administrativos e Colexiados das administracións públicas. Abstención e recusación.

Tema 26. Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público: A responsabilidade patrimonial das administracións públicas.

Tema 27. Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público: Funcionamento electrónico do sector público.

Tema 28. Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público: Os convenios.

Tema 29. Os contratos do sector público: obxecto e ámbito de aplicación da Lei de contratos do sector público. Delimitación dos tipos contractuais. Contratos administrativos e contratos privados. Os contratos menores.

Tema 30. Disposicións xerais sobre a contratación do sector público: racionalidade e consistencia, liberdade de pactos e contido mínimo do contrato, perfección e forma do contrato.

Tema 31. As partes nos contratos do sector público. Órgano de contratación, o perfil de contratante. Capacidade e solvencia do empresario. Prohibicións. Clasificación. Obxecto, orzamento base de licitación, valor estimado, prezo do contrato e a súa revisión. Garantías esixibles na contratación do sector público.

Tema 32. Preparación dos contratos das Administracións públicas: expediente de contratación e as súas clases; pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas. Normas xerais e procedementos de adjudicacións dos contratos das Administracións Públicas.

Tema 33. Formalización dos contratos. Efectos, execución, modificación, cumprimento, suspensión e extinción dos contratos administrativos. Prerrogativas da Administración pública nos contratos administrativos. Cesión e subcontratación.

Tema 34. O contrato de obras. Actuacións preparatorias do contrato de obras. Execución do contrato de obras. Modificación do contrato. Cumprimento e resolución.

Tema 35. O contrato de concesión de obras. Actuacións preparatorias do contrato de concesión de obras. Efectos, cumprimento e extinción das concesións. Construción das obras obxecto de concesión. Dereitos e obrigacións do concesionario e prerrogativas da Administración concedente. Extinción das concesións.

Tema 36. O contrato de concesión de servizos. Actuacións preparatorias do contrato de concesión de servizos. Efectos, cumprimento e extinción do contrato de concesión de servizos. Execución e modificación do contrato. Cumprimento e resolución.

Tema 37. O contrato de subministrados. Execución do contrato de subministro. Cumprimento e resolución. Regulación de determinados contratos de subministro.

Tema 38. O contrato de servizos. Execución dos contratos de servizos. Resolución. Especialidades do contrato de elaboración de proxectos de obras.

Bloque II

Tema 39. Formas de acción administrativa. O servizo público local, formas de xestión. A remunicipalización dos servizos públicos. A iniciativa económica pública e os servizos públicos.

Tema 40. A actividade de policía: a autorización administrativa previa e outras técnicas autorizatorias trala Directiva 123/2006/CE de servizos. A policía de seguridade pública. A actividade de fomento: estudo especial das subvencións.

Tema 41. Os bens das entidades locais. Concepto e clasificación dos bens. Bens de dominio público. Bens patrimoniais. Do inventario e rexistro de bens.

Tema 42. O dominio público: concepto, natureza e clasificacións dos elementos do dominio público: suxeitos, obxecto e destino. Afectación, desafectación mutacións demaniais. Réxime xurídico do dominio público: inalienabilidade, inembargabilidade, imprescriptibilidade. Utilización e enaxenación dos bens das entidades locais.

Tema 43. Bens e dereitos patrimoniais: aproveitamento e explotación. Principios de xestión patrimonial. Adquisición, arrendamento, alleamento e cesión de bens e dereitos patrimoniais.

C.I.F. P-1503100-H

Tema 44. Dominios públicos especiais. Aspectos esenciais da regulación relativa a augas, montes, minas, estradas e costas.

Tema 45. O municipio. Concepto e elementos. O territorio. Alteracións dos termos municipais. Cambio de nome dos municipios. A capitalidade do Municipio. Lexislación básica e lexislación autonómica.

Tema 46. A poboación municipal. O padrón de habitantes. O estatuto dos veciños. Dereitos dos estranxeiros. A participación veciñal na xestión municipal.

Tema 47. A organización municipal. O réxime ordinario de concello. O concello aberto. Competencias. Rexímenes especiais. Especialidades do réxime orgánico-funcional nos municipios de gran poboación.

Tema 48. O municipio: A organización municipal. Órganos necesarios e competencias. Órganos complementarios. Réxime de funcionamento dos órganos colexiados: réxime de sesións e acordos. Actas e certificacións de acordos. Información e participación cidadá.

Tema 49. As competencias municipais: sistema de determinación. Competencias propias, delegadas e competencias distintas das propias. Os servizos mínimos.

Tema 50. A sostibilidade financeira da facenda local como orzamento do exercicio das competencias. Os convenios sobre exercicio de competencias e a prestación de servizos municipais.

Tema 51. A provincia como entidade local. Organización e competencias. As comarcas. As mancomunidades de municipios. As áreas metropolitanas. Entidades locais de ámbito inferior ao municipio. Os consorcios: réxime xurídico. Sociedades interadministrativas.

Tema 52. O sistema electoral local. Causas de ineloxibilidade e incompatibilidade. Eleccións dos concelleiros e alcaldes. Eleccións de deputados provinciais e presidentes das Diputacións provinciais. A moción de censura e a cuestión de confianza no ámbito local.

Tema 53. Impugnación dos actos e acordos locais e exercicio de accións. Recursos administrativos e xurisdiccionais contra os actos locais.

Código do documento	Código do expediente
USG16I026F	USG/2022/98
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
185G 3H2S 3H4N 4S6R 15FC	

Tema 54. Evolución histórica da lexislación urbanística española. O marco constitucional do urbanismo. Competencias do Estado, das Comunidades Autónomas e das Entidades Locais.

Tema 55. Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia: obxectivos e principios xerais. Clases e categorías de solo. Aspectos da función urbanística. O Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento para o seu desenvolvemento: Principios xerais. Clasificación. Réxime xurídico do solo rústico. Réxime xurídico do solo urbano. Réxime xurídico do solo urbanizable. Réxime xurídico do solo de núcleo rural.

Tema 56. O planeamento urbanístico: Límites de sostenibilidade e calidade de vida e cohesión social. División do solo urbano e urbanizable. Instrumentos de planeamento urbanístico. Disposicións xerais sobre o planeamento, sostibilidade e calidade. O Plan xeral de ordenación municipal. O Plan básico autonómico. Os plans básicos municipais. O planeamento de desenvolvemento. Estudos de detalle. O planeamento especial. Os catálogos. Elaboración e aprobación de plans. Efectos da aprobación. Iniciativa e colaboración dos particulares. Publicidade, vixencia, e efectos da aprobación dos plans. Modificación e revisión de plans. Usos e obras provisionais. Normas de aplicación directa na normativa urbanística galega.

Tema 57. Execución do planeamento urbanístico: Disposición xerais. Presupostos da execución. O principio de equidistribución e as súas técnicas. Sistemas de actuación: elección do sistema. O proxecto de urbanización. Supostos indemnizatorios. Peculiaridades das expropiacións urbanísticas.

Tema 58. Títulos habilitantes de natureza urbanística: Licenzas urbanísticas e comunicacións previas. Procedemento de outorgamento das licenzas. Prelación de licenzas e outros títulos administrativos. Caducidade das licenzas. Procedemento para a tramitación das comunicacións previas. Actos promovidos polas administracións públicas.

C.I.F. P-1503100-H

Tema 59. Réxime xurídico dos instrumentos de intervención administrativa aplicables á instalación e apertura de establecementos e aos exercicio de actividades económicas en Galicia. O réxime de control dos espectáculos públicos e actividades recreativas. A Lei 9/2013, do emprendemento e da competitividade de Galicia e o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos, aprobado polo Decreto 144/2016. A Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia. Licenzas de actividades, comunicacións previas e declaracións responsables. Cambios de titularidade.

Tema 60. Inspección urbanística. Protección da legalidade urbanística: obras e usos sen licenza ou comunicación previa en curso de execución, obras rematadas sen título habilitante ou sen axustarse ao título. Outros actos sen licenza ou sen comunicación previa. Particularidades da protección da legalidade en solo rústico e en zonas verdes, espazos libres, dotacións e equipamentos públicos. Suspensión e revisión de licenzas. As declaracións de ineficacia. Infraccións e sancións urbanísticas.

Tema 61. Os convenios urbanísticos.

Tema 62. Lexislación en materia de estradas. Lei 37/2015, do 29 de setembro, de estradas: Disposicións xerais. Uso e defensa das estradas. Travesías e tramos urbanos. Réxime de usos e autorizacións.

Tema 63. Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia: Disposicións xerais. Edificacións, instalacións e peches existentes. Protección do dominio público viario. Réxime de usos e autorizacións.

Tema 64. Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia: Clasificación, declaración e catalogación dos bens do patrimonio cultural de Galicia.

Tema 65. Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia: Réxime específico de protección dos bens de interese cultural.

Tema 66. Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia: Réxime específico de protección dos bens catalogados. Os camiños de Santiago. Bens culturais específicos.

Tema 67. Lexislación en materia de augas. Dominio público hidráulico e as súas zonas de protección (servidume e outras limitacións). A súa incidencia no urbanismo.

Código do documento	Código do expediente
USG16I026F	USG/2022/98
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
185G 3H2S 3H4N 4S6R 15FC	

Tema 68. Lexislación en materia de costas. Dominio público marítimo-terrestre e as súas zonas de protección (servidume e outras limitacións). A súa incidencia no urbanismo.

Tema 69. Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público: Persoal ao servizo das administracións públicas. Dereitos e deberes dos empregados públicos.

Tema 70. Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia: Clases de persoal. Adquisición e perda da relación do servizo. Xornada de traballo, permisos, licencias e vacacións do persoal público. Dereitos económicos e protección social. Dereito de sindicación. Deberes dos empregados públicos. Situacións administrativas. Réxime disciplinario. As incompatibilidades.

Tema 71. Réxime disciplinario. Faltas. Sancións disciplinarias. Extinción da responsabilidade disciplinaria. Procedemento disciplinario.

Tema 72. A seguridade social dos funcionarios da Administración local.

Tema 73. Réxime específico do persoal laboral ao servizo das entidades locais.

Tema 74. Réxime xurídico dos funcionarios de habilitación con carácter nacional. Os postos de traballo de secretaría, intervención e tesouraría. Calificación dos postos e funcións dos mesmos.

Tema 75. Instrumentos de ordenación do persoal: relacións de postos de traballo, plantillas de persoal, ofertas de emprego públicos e plans de ordenación de recursos humanos. Definición, finalidade, estrutura, contidos mínimos e procedementos de aprobación e modificación. Particularidades no ámbito da Administración local de Galicia.

Tema 76. A negociación colectiva no ámbito da administración pública. Marco legal. Ámbitos de negociación. Lexitimación negociada. Órganos competentes. Materias de obrigada negociación. Procedementos de negociación.

Tema 77. Os convenios colectivos e os acordos negociados. Marco legal. Concepto, obxecto e natureza. Procedemento de elaboración, modificación e denuncia. Duración e vixencia. Contidos mínimos.

Tema 78. Seguridade e hixiene no traballo. A Lei prevención de riscos laborais. Actuacións das administracións públicas; competencias. Dereitos e obrigas das persoas traballadoras e empresarias en materia de prevención. Os servizos de prevención de riscos. Participación dos/das traballadores/as.

Tema 79. Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais: Disposicións xerais. Principios de protección de datos. Dereitos das persoas. Procedementos en caso de posible vulneración da normativa de protección de datos.

Tema 80. Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e a súa inclusión social: título preliminar; dereito á vida independente; disposicións xerais; dereito de participación nos asuntos públicos. Igualdade de oportunidades e non discriminación.

Tema 81. O orzamento xeral das entidades locais. Estrutura orzamentaria. Elaboración e aprobación: especial referencia ás Bases de execución do orzamento. Procedemento de aprobación e modificación. Vixencia e efectos temporais, a prórroga do orzamento.

Tema 82. Estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira na Constitución e normativa de desenvolvemento. Principios xerais. Incumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira e regra de gasto nas corporacións locais.

Tema 83. A conta xeral das entidades locais: definición, obxecto e contido. Conformación e procedemento e prazo de aprobación e presentación ante os órganos competentes. Incumprimento e efectos derivados. A liquidación dos orzamentos das entidades locais: definición, obxecto e contido. Conformación e procedemento e prazo de aprobación e presentación ante os órganos competentes. Incumprimento e efectos derivados.

Tema 84. As modificacións de crédito: supostos, financiamento, órganos competentes e procedemento de aprobación. A execución e xestión do orzamento de gastos: fases, órganos competentes. Os anticipos de caixa fixa. Os gastos de carácter plurianual. A tramitación anticipada de gastos.

Tema 85. Os recursos das entidades locais no marco da lexislación das facendas locais. Rexímenes especiais. Os ingresos de dereito privado. As subvencións e outros ingresos de dereito público. As taxas e precios públicos locais. As contribucións especiais.

Tema 86. Os tributos locais: principios. A potestade regulamentaria das entidades locais en materia tributaria: contidos das ordenanzas fiscais, tramitación e réxime de impugnación dos actos de imposición e ordenación de tributos.

Tema 87. A xestión e liquidación de recursos locais. A revisión en vía administrativa dos actos de xestión dictados en materia de facendas locais, tanto en municipios de réxime común como en municipios de gran poboación. A devolución de ingresos indebidos.

Tema 88. A participación dos municipios e das provincias nos tributos do Estado e das Comunidades Autónomas. Rexímenes especiais. A cooperación do Estado e das Comunidades Autónomas ás inversións das Entidades locais. Os fondos da Unión Europea para entidades locais.

Tema 89. Seguridade cidadá e policía local. Os corpos de policía locais, funcións e coordinación na normativa estatal e autonómica galega. Protección civil. Os servizos de prevención e extinción de incendios.

Tema 90. As competencias municipais en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial. A regulación municipal de usos das vías urbanas. O procedemento sancionador en materia de tráfico.

C.I.F. P-1503100-H

ANEXO II

SOLICITUDE DE ADMISIÓN A PROCESOS SELECTIVOS

CONVOCATORIA

Praza	Técnica/o administración xeral
-------	--------------------------------

DATOS PERSOAIS

Primeiro Apelido	Segundo Apelido	Nome
DNI	Sexo Varón / Muller	Data de nacemento
Lugar de nacemento	Nacionalidade	

ENDEREZO – TELÉFONO

Enderezo	
Código postal	Localidade
Teléfono	e-mail

EXENCIÓN EXAME GALEGO

Solicita exención do exame de galego: SI / NON
--

ASPIRANTE CON CAPACIDADE DIMINUIDA

Solicita adaptación de tempo e medios: SI / NON

DOCUMENTACIÓN PRESENTADA COA INSTANCIA (sinálese cun X no recadro correspondente)

Fotocopia do documento nacional de identidade ou acreditación dos requisitos de nacionalidade e idade

Xustificante do aboamento da taxa de exame

Título de grao en Dereito ou equivalente

Orixinal ou fotocopia compulsada do documento xustificativo da exención do exame de galego

SOLICITUDE DA LINGUA NA QUE DESEXA SER EXAMINADO/A, exceptúase o exame de galego (sinálese cun X o que proceda):

en lingua castelán

en lingua galega

A persoa abaixo asinante solicita ser admitida no proceso selectivo ao que se refire a presente instancia e DECLARA que son certos os datos consignados nela, e que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nesta convocatoria, comprometéndose a probar documentalmente tódolos datos que figuran nesta solicitude.

O solicitante autoriza ao uso dos datos consignados nesta instancia aos efectos previstos nas bases da convocatoria das probas selectivas.

Culleredo, de de

SR. ALCALDE CONCELLO DE CULLEREDO"

C.I.F. P-1503100-H

Consta no expediente informe de fiscalización favorable do interventor accidental, de data 3 de xuño de 2022, (código de documento UIT16I00E2), corrixido pola dilixencia, de data 8 de xuño de 2022, (código de documento UIT16I00E9).

Seguidamente a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do xefe do gabinete técnico conformada pola concelleira delegada de Seguridade Cidadá e Persoal en data 3 de maio de 2022 (código de documento UPO16I00DO), que resulta aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

3.- PROPOSTA RELATIVA Á APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E DAS BASES ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 5 PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORAS DA RISGA QUE SE INTEGRARÁN NO SERVIZO "CULLEREDO SOCIAL IX" (5 PEÓNS).

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local a proposta do xefe do gabinete técnico conformada pola concelleira delegada de Seguridade Cidadá e Persoal en data 6 de xuño de 2022 (código de documento UPO16I0115), relativa á contratación laboral temporal de 5 persoas (peóns) que se integrarán no servizo denominado "Culleredo Social IX", que transcrita di:

"PROPOSTA CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS CONVOCATORIA

Proposta convocatoria contratación de 5 persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da RISGA que se integrarán no servizo "Culleredo Social IX" (5 peóns)

17 de 27

Código do documento	Código do expediente
USG16I026F	USG/2022/98
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
185G 3H2S 3H4N 4S6R 15FC	

O día 31 de maio de 2022 a xefa de Servizo de Dinamización, Formación e Emprego emitiu informe, coa conformidade do concelleiro delegado de Desenvolvemento local, Cultura, Festas e Turismo solicitando o inicio dos trámites para a selección de 5 persoas (peóns) que se integrarán no servizo denominado "Culleredo Social IX".

A contratación deste persoal está subvencionada pola Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia. A xefatura territorial da Consellería de Emprego e Igualdade da Coruña resolveu o día 23 de maio de 2022, outorgar unha subvención polo importe de 59 337,90 euros, equivalente aos custos salariais e cotización á Seguridade Social derivada dos citados salarios de acordo co establecido na Orde do 7 de xaneiro de 2022 da Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social receptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) e se aproba a convocatoria para o ano 2022(código do procedemento TR351F) (DOG número 21, do 1 de febreiro 2022).

De acordo co anterior, e visto o informe do xefe do Gabinete técnico do día 3 de xuño de 2022, considerando que a contratación é excepcional e prioritaria e está debidamente xustificada a necesidade e urxencia da mesma,

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

A contratación laboral temporal de 5 persoas (peóns) que se integrarán no servizo denominado "Culleredo Social IX" de acordo co seguinte detalle:

- Os contratos de traballo, de duración determinada, formalizaranse baixo a modalidade de "traballos de interese social".

- A duración dos contratos será de 9 meses, cunha xornada de 28 horas/semana, o que supón unha xornada parcial do 74,67%.

- As persoas contratadas percibirán o salario bruto mensual correspondente ao 74,67% do salario bruto mensual regulado para o grupo profesional V, complemento de categoría 11 e cun complemento específico de 39 puntos, isto é 956,91 € , incluída a prorrata da paga extra.

- Os gastos da contratación aplicaranse ás partidas orzamentarias 24131-13100 (retribucións) e 24131-16000 (cota patronal da seguridade social).

- As persoas a contratar serán seleccionados de acordo co procedemento establecido nas seguintes bases específicas:

1. Requisitos dos candidatos

Os aspirantes, terán que reunir os seguintes requisitos:

1.1. Nacionalidade. Cúmrese este requisito nos seguintes casos:

a) Ser español.

b) Ser nacional dalgún dos demais Estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado ó que en virtude dos Tratados internacionais celebrados pala Unión Europa e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

c) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais Estados Membros da Unión Europea, e, cando así o prevexa o correspondente Tratado, o dos nacionais dalgún Estado ó que en virtude dos Tratados internacionais celebrados pala Unión Europa e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinteún anos ou maiores de dita idade que viva a súas expensas.

d) Así mesmo poderán participar os que non estando incluídos nos parágrafos anteriores se encontren en España en situación de legalidade, senda titulares dun documento que lles habilite a residir e a poder acceder sen limitacións ó mercado laboral. En consecuencia, poderán participar os que se encontren en situación de residencia permanente, os que se encontren en situación de autorización para residir e traballar, así como os refuxiados.

1.2.Capacidade legal. Ter capacidade para contratar a prestación do seu traballo, de acordo co previsto no artigo 7 do Estatuto dos Traballadores.

Código do documento	Código do expediente
USG16I026F	USG/2022/98
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
185G 3H2S 3H4N 4S6R 15FC	

1.3. Capacidade funcional. Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

1.4. Habilitación. Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o desempeño das funcións públicas.

1.5. Ser preceptor/a da Risga e estar inscrito/a no Servizo Público de Emprego de Galicia como persoa demandante non ocupada. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato (artigo 13.d) da ORDE do 7 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social receptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia. (DOG Núm.21-01/02/2022).

2. Solicitude persoas desempregadas receptoras de Risga candidatas e presentación da documentación acreditativa dos méritos

2.1. O Concello de Culleredo deberá solicitar as persoas demandantes non ocupadas mediante a presentación da oferta específica do programa de contratación de persoas beneficiarias da Risga nas oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia (artigo 13.e) da ORDE do 7 de xaneiro de 2022 da Consellería de Emprego e Igualdade (DOG Núm. 21-01/02/2022).

2.2. A oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia notificará ás persoas candidatas a súa presentación no Concello de Culleredo (Centro de Formación e Emprego "Pablo Picasso") O día de presentación no Concello de Culleredo, se lles entregará aos candidat@s copia das bases de contratación. Os candidat@s firmarán un documento de recibín da citada copia con consignación da data de entrega.

2.3. As persoas candidatas disporán dun prazo de 3 días hábiles dende o día da presentación no Concello de Culleredo sinalado pola Oficina Pública de Emprego, para a presentación da seguinte documentación:

- copia do documento nacional de identidade ou documentación acreditativa do requisito de nacionalidade.
- documentación orixinal acreditativa da situación a avaliar de acordo co disposto na base 4.

No concurso non se terán en conta os documentos que non queden debidamente acreditados dentro do prazo sinalado. A presentación da documentación poderá realizarse no Rexistro xeral do Concello de Culleredo ou en calquera das formas establecidas no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. O horario do Rexistro xeral do Concello de Culleredo é de 09:00 a 14:00 horas de luns a venres. Dado o carácter urxente da convocatoria, e para evitar posibles perxuízos para o solicitante, a presentación da documentación acreditativa dos méritos que se posúan por calquera outro medio distinto ao da presentación no Rexistro xeral do Concello de Culleredo, debe ser comunicada vía correo electrónico a la dirección persoal@culleredo.es.

3. Comisión de Avaliación

3.1 A selección de traballadores e traballadoras que se contraten será realizada por un grupo mixto constituído para tal fin por representantes da Consellería de Emprego e Igualdade e representantes do Concello de Culleredo, e que actuará de conformidade cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación (artigo 13.c) da ORDE do 7 de xaneiro de 2022 da Consellería de Emprego e Igualdade (DOG Núm. 21-01/02/2022).

3.2. Os representantes do Concello de Culleredo na comisión de avaliación serán:

- Isabel Buján Bernárdez (Suplente: Pablo Bouza Suárez)
- María José de Santiago Pérez (Suplente: Karina Paula Díaz Arluna)

3.3. A comisión de avaliación non poderá constituírse sen a presenza, polo menos, dun representante de cada unha das administracións (Consellería de Emprego e Igualdade e o Concello de Culleredo). As decisións serán adoptadas por maioría simple.

3.4. Os membros da Comisión de Avaliación terán que absterse de intervir, notificándoo ao Alcalde, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 28 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común ou si tiveran realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Código do documento	Código do expediente
USG16I026F	USG/2022/98
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 185G 3H2S 3H4N 4S6R 15FC	

3.5 O alcalde poderá solicitar dos membros da Comisión declaración expresa de non atoparse incursos nas circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de reximen xurídico das administracións públicas ou si tiveran realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros da Comisión de Avaliación cando concorran as circunstancias previstas na presente base.

3.6 A Comisión resolverá todas as dúbidas que ponderan xurdir na aplicación destas normas, así como o que se deba facer nos casos non previstos. O procedemento de actuación da Comisión axustarase en todo momento ao disposto na Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas.

4. Selección de traballadoras e traballadores a contratar

Na selección de traballadoras e traballadores a contratar, realizarase de acordo co seguinte procedemento.

4.1. Avaliación circunstancias relacionadas coa súa situación ou risco de exclusión social.

A avaliación das circunstancias relacionadas coa súa situación ou risco de exclusión social farase de acordo co seguinte baremo:

ANTIGÜEDAD COMO PERCEPTOR DE RISGA (Máximo 1 punto)

- Ata 4 anos..... 0.5
- Máis de 4 anos..... 1

Acreditarase mediante Informe dos Servizos Sociais Municipais.

ANTIGÜEDAD COMO DEMANDANTE DE EMPREGO (Máximo 1 punto)

- De 6 a 12 meses0.5
- Máis de 12 meses..... 1

Acreditarase mediante certificado do Servizo Público de Emprego.

IDADE (Máximo 1 punto)

- Idade ata 45 anos0,5
- Máis de 45 anos..... 1

DISCAPACIDADE (Máximo 1 punto)

- Por ter recoñecida unha minusvalía igual ou superior ó 33%, sempre que lle permita realizar as tarefas propias do posto de traballo1 punto

Acreditarase mediante certificado de minusvalía ou incapacidade.

RESPONSABILIDADES FAMILIARES (membros da unidade familiar a cargo da candidata/o, incluíndo cónxuxe e fillos ou acollidos menores de 26 anos, fillos ou acollidos maiores de 26 anos incapacitados). (Máximo 2 puntos)

- Unidade familiar de ata 3 membros (candidata/o, cónxuxe e 1 fillo/acollido) 1
- Unidade familiar de ata 4 membros (candidata/o, cónxuxe e 2 fillos/acollidos)1.5
- Unidade familiar de máis de 4 membros (candidata/o, cónxuxe e 3 ou máis fillos/acollidos) ... 2
- Unidade familiar monoparental de 2 membros (candidata/o e 1 fillo/acollido)1
- Unidade familiar monoparental de máis de 2 membros (candidata/o e 2 ou máis fillos/acollidos)2

Acreditarase mediante Informe dos Servizos Sociais Municipais.

PARTICIPACIÓN EN ACTIVIDADES DE FORMACIÓN E/OU EMPREGO (CURSOS, OBRADOIROS, ETC) , entre os anos 2019 e 2022 (Máximo 2 puntos)

- Actividades de ata 60 horas..... 0.25
- Actividades de 60 a 100 horas..... 0.50

Código do documento	Código do expediente
USG16I026F	USG/2022/98
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
185G 3H2S 3H4N 4S6R 15FC	

- Actividades de máis de 100 horas.... 0.75

Acreditarse mediante certificados acreditativos expedidos polas entidades organizadoras das actividades.

USUARIO OU USUARIA DO SERVIZO DE FORMACIÓN E EMPREGO MUNICIPAL

- Por ser usuaria/usuario do Servizo de Formación e Emprego Municipal 1 punto

Acreditarse mediante Informe dos Servizo de Formación e Emprego Municipal.

Os/as aspirantes ordenaranse de maior a menor puntuación. Pasarán a seguinte fase (proba psicotécnica) os aspirantes con puntuación igual ou superior a 4 puntos. No caso de que o número de aspirantes con puntuación igual ou superior a 4 puntos fora inferior ao de número de persoas que se queren contratar, incrementarase de acordo co orde establecido, o número de aspirantes que continuarán no proceso selectivo ata alcanzar o do número de persoas que se queren contratar.

4.2. Proba psicotécnica (Cuestionario de Empleabilidade)

Esta proba está dirixida a determinar as actitudes e aptitudes persoais dos/as aspirantes e a súa motivación e adecuación ao posto de traballo.

A proba consistirá na realización dun cuestionario tipo test explorando os aspectos indicados. O cuestionario que será entregado ao aspirante e formulado verbalmente, deberá ser cuberto polo aspirante.

Terá que efectuarse e valorarse por persoal especialista (psicólogo@). Se ningún dos membros da comisión de valoración ten este perfil, nomearase un psicólogo@ que actuará como asesor da comisión de valoración.

A cualificación global será de apto/non apto.

4.3. Preferencia:

Entre os/as aspirantes declarados aptos na proba psicotécnica, terán preferencia, en todo caso, as persoas perceptoras de Risga que teñan asignado un proxecto de inserción de carácter laboral, os maiores de 45 anos e os que teñan cargas familiares (artigo 13.d) da ORDE do 7 de xaneiro de 2022 da Consellería de Emprego e Igualdade (DOG Núm. 21-01/02/2022).

5. Presentación de documentación e resolución de contratación:

5.1 A comisión de valoración enviará ao servizo de persoal proposta de contratación dos aspirantes seleccionados para a súa contratación.. Polo Servizo de Persoal do Concello de Culleredo, requirirase aos candidatos seleccionados para que no prazo de tres días hábiles contados dende o día seguinte ao do requirimento, presenten a seguinte documentación:

- a) Fotocopia compulsada do documento nacional de identidade ou acreditación do requisito de nacionalidade.
- b) Certificado médico oficial, no que se acredite non estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das funcións do posto.
- c) Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o desempeño das funcións públicas.
- d) Copia compulsada da documentación presentada coa solicitude, acreditativa da situación a avaliar de acordo co disposto na base 4.

5.2. Se no prazo de tres días hábiles indicado no punto anterior, o candidato non presentase a documentación ou do exame da mesma se observase que carece dalgún dos requisitos sinalados na base primeira, non poderá procederse a súa contratación e quedarán anuladas a súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que tiveran incurso por falsidade na solicitude inicial. Neste caso requirirase a presentación da documentación co fin de poder ser contratado como persoal laboral temporal ao seguinte aspirante na relación de aspirantes por orde de puntuación acadada.

Se non houbera máis aspirantes na relación de aspirantes enviada pola comisión de avaliación, procederase a realizar unha nova presentación de oferta de emprego na Oficina Pública de Emprego de acordo co especificado na número 2 destas bases, ou no seu caso a declarar deserto o proceso de selección.

Código do documento	Código do expediente
USG16I026F	USG/2022/98
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
185G 3H2S 3H4N 4S6R 15FC	

6. Base final:

O proceso de selección e contratación, e cantos actos administrativos se deriven del e da actuación da Comisión de Avaliación, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pala lei de procedemento administrativo común das administracións públicas.”

Consta no expediente informe de fiscalización favorable do interventor accidental, de data 9 de xuño de 2022, (código de documento UIT16I00EG).

Seguidamente a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do xefe do gabinete técnico conformada pola concelleira delegada de Seguridade Cidadá e Persoal en data 6 de xuño de 2022 (código de documento UPO16I0115), que resulta aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

4.- DACIÓNS DE CONTA.

4.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Resolución do 30 de maio de 2022, do Instituto Galego da Vivenda e Solo, pola que se regula a xestión do fondo de cooperación cos concellos para o apoio ao financiamento da adquisición e promoción de vivenda de nova construción. DOG núm. 109 do 08-06-2022.
- Anuncio do 18 de maio de 2022, do Concello de Culleredo, de xestión da biomasa (expediente UME/2022/256). DOG núm. 109 do 08-06-2022.
- Orde do 31 de maio de 2022, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas, en réxime de concorrencia competitiva, para a conservación protección e mellora das árbores e formacións incluídas no Catálogo galego de árbores senlleiras, e se convocan axudas para o ano 2022 destinadas ás entidades locais (código de procedemento MT804B). DOG núm. 112 do 13-06-2022.
- Anuncio do 30 de maio de 2022, do Concello de Culleredo, relativo á autorización da suspensión provisional dos obxectivos de calidade acústica na área acústica tipo a. “Sectores do territorio con predominio de solo de uso residencial”, limitada a zona limitada polas rúas Xesús Rey Martínez e Irmáns Suárez Ferrín e as súas respectivas zonas de influencia (zonas de influencia que se estenderán a 50 metros aproximadamente), entre os días 3 e 5 de xuño de 2022 durante a celebración das festas populares da Corveira. BOP núm. 108 do 08-06-2022.
- Anuncio do 23 de maio de 2022, do Concello de Culleredo, relativo á delegación da competencia na concelleira, D.ª Marta María Figueroa Fuentes, para a celebración do matrimonio civil entre F.P.A. e A.D.R. o día 21 de maio de 2022 ás 13.30 horas. BOP núm. 109 do 09-06-2022.
- Anuncio do 24 de maio de 2022, do Concello de Culleredo, relativo á asunción pola alcaldía das atribucións delegadas na concelleira delegada da Área de Urbanismo e da Área de Facenda, Patrimonio e Administración Electrónica, D.ª Marta María Iglesias Becerra, os días 23 e 24 de maio de 2022, sen que implique alteración da competencia. BOP núm. 109 do 09-06-2022.

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG16I026F	USG/2022/98
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
185G 3H2S 3H4N 4S6R 15FC	

- Anuncio do 2 de xuño de 2022, do Concello de Culleredo, relativo á delegación da competencia no concelleiro, D. Abraham Seijas González, para a celebración do matrimonio civil entre A.M.R.S. e P.M.L. o día 4 de xuño de 2022 ás 11.00 horas. BOP núm. 109 do 09-06-2022.
- Anuncio do 7 de xuño de 2022, do Concello de Culleredo, relativo á autorización da suspensión provisional dos obxectivos de calidade acústica na área acústica tipo a. "Sectoros do territorio con predominio de solo de uso residencial", limitada a zona limitada polas rúas Praza da Igrexa de Vilaboa e Avda. Vilaboa, núm. 144-146 e as súas respectivas zonas de influencia (zonas de influencia que se estenderán a 50 metros aproximadamente), entre os días 9 e 12 de xullo de 2022 durante a celebración das festas populares da Vilaboa. BOP núm. 111 do 13-06-2022.
- Anuncio do 7 de xuño de 2022, do Concello de Culleredo, relativo á autorización da suspensión provisional dos obxectivos de calidade acústica na área acústica tipo a. "Sectoros do territorio con predominio de solo de uso residencial", limitada a zona limitada polas rúas Paso da Ría do Burgo e Paseo da Ría do Burgo xunto a Igrexa de Santiago do Burgo e as súas respectivas zonas de influencia (zonas de influencia que se estenderán a 50 metros aproximadamente), entre os días 21 e 27 de xullo de 2022 durante a celebración das festas populares do Burgo. BOP núm. 111 do 13-06-2022.

4.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

4.2.1.- A Sra. Méndez Sánchez dá conta á Xunta de Goberno Local da realización da seguinte actividade da concellería delegada da Área de Participación Cidadá, Educación e Medio Rural:

"ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN

CULLERCIENCIA. IV FEIRA DE CIENCIAS

O Concello de Culleredo colabora co colexio Ría do Burgo na organización da feira de ciencias CULLERCIENCIA.

DATA: sábado 18 de xuño.

LUGAR: explanada do Paseo marítimo do Burgo.

HORARIO: de 11:00 a 20:00 h.

PARTICIPANTES:

Como conferenciantes: José Martínez Costas (profesor de bioquímica e bioloxía molecular do CIQUS); Sonia Villapol (profesora do departamento de neurocirurxía do Houston Methodist Research Institute de Texas); Margarita Poza Dominguez, do Instituto de investigación biomédica (INIBIC).

Como expositores: CEIP Ría do Burgo, CEIP F. García Lorca (Gran Canaria), CEIP Andrés García (Lorca), CEIP Vila de Rutis (Culleredo), IES Severo Ochoa (Sevilla), IES Blanco Amor (Culleredo), IES Rego de Trabe (Culleredo), IES David Buján (Cambre), Reserva da biosfera mariñas coruñesas, CEIDA, Agrupación astronómica coruñesa, Cátedra EMALCSA, Facultade de Economía e empresa da UDC, Centro de supercomputación de Galicia, etc. etc."

4.2.2.- O Sr. Liñares Gestal dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da concellería delegada da Área de Medio Ambiente, Obras e Servizos:

"

- Resolución número CUL/RES/1045/2022 de data do 27/05/2022 pola que se expide a autorización interurbana para exercer o servizo de transporte colectivo urbano co vehículo marca SKODA OCTAVIA, matrícula 6848LWN de 5 prazas, número de identificación TMBJG7NX4NY066493, en substitución do vehículo matrícula 7305JTS, ao entender que cumpre todos os requisitos, á licenza de taxi número 12.

Código do documento	Código do expediente
USG16I026F	USG/2022/98
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 185G 3H2S 3H4N 4S6R 15FC	

- Resolución número CUL/RES/1080/2022 de data do 31/05/2022 pola que se rexistra o animal potencialmente perigoso de raza *American Staffordshire Terrier* e número de microchip 941010000173331, no Rexistro municipal de animais potencialmente perigosos, co número 147.
- Resolución número CUL/RES/1083/2022 de data do 31/05/2022 pola que se rexistra o animal potencialmente perigoso de raza Cane Corso e número de microchip 981098108561381, no Rexistro municipal de animais potencialmente perigosos, co número 148.
- Resolución número CUL/RES/1096/2022 de data do 01/06/2022 pola que se outorga a licenza municipal para a posesión de animais potencialmente perigosos número 172, ao abeiro do Decreto 90/2002 de 28 de febreiro e da Ordenanza municipal reguladora da licenza para a posesión de animais potencialmente perigosos, do seu rexistro, e da Sección Local do Rexistro de Animais de Compañía, a D.ª S. R. L.
- Resolución número CUL/RES/1097/2022 de data do 02/06/2022 pola que se outorga a licenza municipal para a posesión de animais potencialmente perigosos número 173, ao abeiro do Decreto 90/2002 de 28 de febreiro e da Ordenanza municipal reguladora da licenza para a posesión de animais potencialmente perigosos, do seu rexistro, e da Sección Local do Rexistro de Animais de Compañía, a D.ª M. C. B. A.
- Resolución número CUL/RES/1098/2022 de data do 02/06/2022 pola que se outorga a licenza municipal para a posesión de animais potencialmente perigosos número 174, ao abeiro do Decreto 90/2002 de 28 de febreiro e da Ordenanza municipal reguladora da licenza para a posesión de animais potencialmente perigosos, do seu rexistro, e da Sección Local do Rexistro de Animais de Compañía, a D. J. M. C. R.
- Resolución número CUL/RES/1099/2022 de data do 02/06/2022 pola que se outorga a licenza municipal para a posesión de animais potencialmente perigosos número 175, ao abeiro do Decreto 90/2002 de 28 de febreiro e da Ordenanza municipal reguladora da licenza para a posesión de animais potencialmente perigosos, do seu rexistro, e da Sección Local do Rexistro de Animais de Compañía, a D.ª C. A. R.
- Resolución número CUL/RES/1115/2022 de data do 07/06/2022 pola que se rexistra o animal potencialmente perigoso de raza *Dogo Argentino* e número de microchip 941010000471129, no Rexistro municipal de animais potencialmente perigosos, co número 149.”

C.I.F. P-1503100-H

4.2.3.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións e actividades da concellería delegada da Área de Política Social e Promoción do Deporte:

“

*SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.			
Data da resolución	Nº resolución	Tipo de resolución	Intensidade
03/06/2022	1107	Declarar o desestimento da solicitude do servizo municipal de Axuda no fogar e Teleasistencia domiciliaria formulado por ***0813** e procédese ao arquivo do seu expediente.	
03/06/2022	1110	Conceder a ***6330** o servizo municipal de axuda a domicilio cunha intensidade de tres horas á semana (agás festivos).	
07/06/22	1116	Conceder a ***8739** unha ampliación no Servizo municipal de Axuda no fogar.	Cinco horas á semana (agás festivos).

Código do documento	Código do expediente
USG16I026F	USG/2022/98
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 185G 3H2S 3H4N 4S6R 15FC	

07/06/22	1117	Conceder a ***4629** o Servizo de Teleasistencia domiciliaria e dar traslado desta resolución á Deputación da Coruña	
07/06/22	1118	Conceder a ***9712** unha ampliación no Servizo municipal de Axuda no fogar.	Tres horas á semana (agás festivos).

***TARXETA ESTACIONAMENTO conforme ao Real Decreto de 12 de decembro de 2014 polo que se regulan as condicións básicas de emisión y uso de de la tarjeta de estacionamiento para personas con discapacidad (BOE nº 309 de 23 de decembre de 2014)**

Data da resolución	Nº resolución	Tipo de resolución	Vixencia
03/06/2022	1105	Conceder a ***8352** a tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade, cunha vixencia de 10 anos	
03/06/2022	1106	Conceder a ***0006** a tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade, cunha vixencia de 10 anos	

C.I.F. P-1503100-H

SERVIZOS COMUNITARIOS ESPECÍFICOS

1. AREA DE BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE:

Fin dos traballos 2021-2022 no CENTRO OCUPACIONAL MUNICIPAL “A ESCADA”

O vindeiro mércores 22 de xuño remata a actividade formativa das dezaseis persoas usuarias do centro ata o mes de setembro. Ao longo de todos estes meses fóronse desenvolvendo varios **obradoiros artesanais** utilizando sobre todo materiais de refugallo como periódicos, corchos, fíos, lá, etc.

Como novidade deste período formativo cabe destacar a boa acollida que está a ter o traballo no **horto urbano** cedidos polo centro municipal de formación Pablo Picasso. Nove rapaces e rapazas da Escada que amosaron interés por esta actividade agrícola ,acompañadas de dúas profesionais do centro ocupacional, están a coñecer todo o proceso que supón o mantemento dun pequeno horto: desde a preparación da terra, creación de sementeiros, abonado, cultivo, colleita, etc; todo isto dunha cunha metodoloxía lúico-educativa desde unha perspectiva da agricultura respectuosa co medio ambiente. Toda a produción que se recolla repartirase entre as persoas que traballaron no horto ao longo destes meses a modo de recompensa e froito directo do seu esforzo .

Para celebrar o traballo ben feito ao longo de todo este curso, o día 22 de xuño terá lugar unha excursión á Marín e Combarro onde se visitará na xornada de mañá a Granxa de Briz ,onde se atopa o Parque dos Sentidos ,e mais o casco antigo da vila de Marín. Xa pola tarde, percorrerase os Xardíns do pazo de Lourizán e a vila mariñeira de Combarro.

A saída será desde o centro ocupacional ás 9:30 e o regreso ao mesmo centro arredor das 21:30.

PROGRAMA V DE SOLIDARIEDADE E DINAMIZACIÓN SOCIAL

**Dinamización social :

“ Encontros Informativos cas Persoas Maiores” e Excursión de primavera a Vila de Noia

Dende o programa de dinamización comunitaria, estase a facer nas distintas parroquias uns “ **Encontros Informativos cas Persoas Maiores**” co obxectivo de avanzar a programación de actividades para os vindeiros meses, recordar o sistema de socios e socias do club +65 e a necesidade da AUTORIZACIÓN para a PROTECCIÓN de DATOS e DEREITOS DIXITAIS .Así como escoitar as súas suxestións relacionadas coa temática abordada.

Os días e horas destas reunións veñen sendo:

C.I.F. P-1503100-H

XUÑO HORA	LUNS 6	MARTES 7	MERCORES 8	XOVES 9	VENRES 10	LUNS 13	MARTES 14
10,30	Castelo	Orro	Boedo			Sueiro- Sesamo	Burgo Costa Lonxa
12,00		Fonteculler					
19,30		Fonteculler	Fonteculler	Fonteculler			
17,15				Vilaboa			
19,30							
10,00							
16,30						Celas	
20,00						Ledoño	
11,00							

Tamén dende o programa de dinamización comunitaria esta programada unha excursión lúdico-cultural a Vila de Noia o domingo 3 de xullo..

Farase unha visita ao casco antigo da vila ,templos coma a Iglesia de Santa María A Nova e as laudas sepulcrais, a alameda e tamén o mercado caracterizado polos seus postos de produtos ecolóxicos.

O xantar esta reservado en Negreira no hotel Millan cunha tarde de baile con música en vivo no propio hotel.

O prazo de inscrición é ata o día 28 de xuño.

Código do documento	Código do expediente
USG16I026F	USG/2022/98
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
185G 3H2S 3H4N 4S6R 15FC	

E o prezo xeral do autobús tal como marca a ordenanza municipal é de 13 € e para aquelas persoas que teñen dereito a bonificación é de 10€ (Con carné do clube +65, Voluntariado de Culleredo, familia numerosa, persoas con discapacidade ou inscritas no SEPE).

Os autobuses saíran as 8:30 de Castelo e de Boedo pasando polas demais paradas .O regreso será con chegada a Culleredo arredor das 22,00 h

****Clube +65:**

Homenaxe as persoas centenarias do concello

Desde o Clube + 65 e no marco deste proxecto de homenaxe as centenarias do concello , a concelleira de Maiores felicitou o día **8 de xuño** a M.P.B. da parroquia de Sésamo que cumpriu 101 anos . Entregoulle como agasallo do club municipal un ramo de flores.”

4.3.- SENTENZA 143/2022 DO XULGADO DE INSTRUCCIÓN NÚM. 8 DA CORUÑA, DILIXENCIAS URXENTES/XUIZO RÁPIDO 90/2022.

A Sra. secretaria dá conta á Xunta de Goberno Local da sentenza 143/2022, do 2 de xuño de 2022, do Xulgado de Instrución núm. 8 da Coruña, Dilixencias Urxentes/Xuízo Rápido 90/2022, en cuxo fallo (anonimizado) di:

“Que debo condenar y condeno a S.G.I. como autor criminalmente responsable de un delito contra la seguridad vial, por conducción de vehículo a motor con una tasa de alcohol superior a la legalmente permitida, concurriendo la circunstancia atenuante de reparación del daño, a las penas de **CUATRO** meses de multa, con una cuota diaria de **SEIS** euros (**720 euros**) con responsabilidad personal subsidiaria legalmente prevista para caso de impago y privación del derecho a conducir vehículos a motor y ciclomotores durante DIEZ MESES y costas.

C.I.F. P-1503100-H

Se hace constar que esta sentencia es firme, al haber sido notificada a las partes verbalmente, manifestando su voluntad de no recurrirla.

(.../...)

5.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e cincuenta e dous minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

O alcalde

(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)